

# CASTRO DO FACHO DE DONÓN

**Castro:** Castro do Facho de Donón

**Localidade:** Cangas do Morrazo

**Data escavación:** 2003-2004

## Localización:

Atópase na parte alta do Monte do Facho, en Cangas de Morrazo (Pontevedra).



27



## Descrición do castro:

Trátase dun poboado castrexo habitado entre o século VI e I a.C.

Son unha serie de edificios defendidos por unha muralla. A maior parte das construcións son circulares, aínda que tamén as hai ovais e rectangulares.

## Algunha característica especial:

O abandono do castro produciuse debido á marcha dos seus poboadores a outros emprazamentos máis cómodos para a caza e a pesca.

No século II no lugar erixiuse o Santuario de Beróbriga, dedicado a adorar ao deus Berobreo, e no seu nome se consagraban aras votivas, que poboaban a ladeira do monte.

No século XVIII construíuse unha garita, con restos de aras romanas, que permanece na actualidade.

En marzo de 2013 foi declarado Ben de Interese Cultural pola Xunta de Galicia.